

EDITORIAL I

conflictos na produción de coñecemento.

:: San Pedro de Mezonzo | 18:30h :: 10 mins para que comece a clase e o bus para a uni segue sen chegar. Chegan outros, baixan uns migras, a eles o bus saelles por un pico; sen papeis é imposible sacarse a tarxeta de transportes de CaixaGalicia e o Concello. Tentarán vender cd's e pelis piratas polos garitos da volta. Despois irán polo humor, seguro, hoxe é xoves. Tamén baixan mulleres, a maioría con cativos e cativas que voltan do cole. Coidadoras, xunto coa compra levan ós seus fillos, e con eles ós de outras familias, así sacan algo de pasta.

Chega o universitario. Estupendo! subiron o prezo!! Dentro. Petao! Publicidade no loro e en varios monitores. Moita xente co último de zara e botellas, hai festa no campus. Máis mulleres con nenos e algún xubilado. Escasean os homes -brancos- entre 30 e 60 anos... van en buga. Estounos vendo agora mesmo. Atasco do copón en Alfonso Molina, imposible chegar a tempo para a clase. Pasaremos pola festa, despois de currar no nadal temos algo de pasta.

*

O *obreiro-masa*, figura central da produción capitalista no fordismo cede o paso no conxunto do proceso productivo contemporáneo a unha multitude de subxetividades socialmente productivas. O traballo asalariado canónico perde a súa posición dominante como fonte de subxetivación fronte ao *tempo social*; tradicionalmente entendido como esfera reproductiva. Asistimos tamén a un *devir muller* do traballo; as capacidades cognitivas historicamente determinadas como femeninas de coidado; afectivas e relacionais, deveñen productivas, se ben as relacións salariais seguen a sustentar unha división patriarcal das posibilidades existenciais. A presenza continuada do migrante, privado das facultades xenéricas que o farían un suxeito de pleno coñecemento indícanos tamén unha cognitarización das xerarquías raciais postcoloniais. Nesta reconfiguración das cordenadas espacio-temporais da metrópole a

cooperación social adquire un papel central na *producción de coñecemento*, excedendo os espazos onde ten lugar a educación formal.

O *traballo cognitivo* é entón o filtro a través do que é posible observar o espectro enteiro da produción e das formas de traballo e dominación contemporaneas, na súa copresenza e na súa peculiar combinación.

Os espazos e as situacións para o antagonismo de hoxe son así moi outras, hipótese que se reforza coa emerxencia dunha nova figura híbrida do estudante; a *precaria en formación* que se desliza permenentemente entre o aprendizaxe de por vida e o mercado [interior ou exterior á universidade]. Cohabitanes da periferia do traballo asalariado que padecemos as novas formas de gobernanza desta execendia de coñecemento vivo social en forma de precariedade, coacción salarial e novos axenciamentos de control social.

Pero desde esta situación de precariedade compre observar alén das posicións victimizantes, apreciar a ambivalencia do actual estado de cousas e:

1. Contemplan os posibles para o *éxodo*, a sustracción, que nos abre a autonomía potencial da

produción de coñecemento e os modos en que se articula a súa obxetivación ou captura [autoxestión dos créditos, publicacións, etc. mediante novas experiencias comúns como as universidades nómadas].

2. Aproveitar para o conflito a profundización da polaridade non resolta no discurso capitalista sobre a relación salarial. *Esixir unha nova carta de dereitos*; á renda básica de existencia, sen contrapartidas, de forma directa [ingreso salarial] e indirecta [gratuidade do transporte, a vivenda, a comida, etc.], á liberdade de movemento e comunicación, etc. como formas de recoñecemento e pago por unha produción que ten a súa matriz nunha cooperación social actualmente non remunerada e da que se beneficia o tecido empresarial-feudal [con foros postfordistas a pagar como os derivados da propiedade intelectual], a non mensurabilidade do traballo cognitivo e a enorme explotación de todas as habitantes da periferia do traballo asalariado, especialmente as máis marxinas polos sistemas de inclusión diferencial ou directamente de exclusión. Permitindo así a ampliación dos espazos autónomos que

funcionen con temporalidades e funcións subxetivas e comúns fronte ás temporalidades e funcións de fractura subordinadas ao mando e a expropiación capitalistas.

Como se ve sedimentado unhas liñas máis arriba, as reflexións entorno ao precario teñen vivificado moito o pensamento e a acción dos movementos sociais. Paralelamente a precariedade tense convertido nun termo empregado como comodín para unha esquerda arcaica que, citando de calquera maneira, outorga unha aparencia actual a todo tipo de análise ou práctica. Tanto ten que a esixencia sexa o preno emprego con tal de que se mencione á precariedade. Porén, a actividade cognitiva é incompatible coa rixidez espacio-temporal fordista; a categoría a problematizar é a de *flexibilidade*.

Facendo un pequeno traballo de arqueoloxía ao redor da flexibilidade teríamos que remontarnos ás loitas dos 70 en forma de éxodo masivo cara fóra do traballo asalariado, rexeite e sustracción. Foi ese o momento no que o proletariado enunciou as palabras que agora son clave nos cursos de management empresarial ou nas reitorías universitarias [flexibilidade, mobilidade, innovación, etc.] provocando a crise dos dispositivos de dominación da forza de traballo fordista.

O problema político atópase en se a flexibilidade adopta a forma de precariedade ou de autonomía do traballo vivo. As loitas na universidade-metrópole son conflitos na produción do coñecemento; entre a autonomía e a subordinación.



Os seminarios de autoformación e a construción de universidades comúns de oposición aquí e agora; nómadas, libertarias, autónomas... expáñdense por todo o planeta Terra. Sirvan como exemplo as accións das compañeiras da París VIII estes días sobre a lenda: *unha facultade en folga non será nunca máis unha facultade morta!*

QUEN SOMOS? |

assemblea de precarias en formación.

A ASEMBLEA de Precarias en Formación aparece a comezos do curso 2007-08 na Coruña como un proxecto de autoorganización horizontal que procura radiografiar as mutacións nas relacións saber/traballo, saber/renda, saber/poder, etc. Dotarnos de mapas en proceso precisos para orientar os nosos movementos, repensar e recompoñer continuamente a acción política en termos de crítica e alternativa á institución universitaria.

O proceso de masificación que comezaba fai tres décadas na universidade española, e especialmente o seu definitivo devir empresa logo de complexos procesos de desterritorialización/captura/reterritorialización, ten evidenciado a rotunda obsolescencia daquel discurso obreirista que cristalizaba na consigna de “queremos un ensino público, democrático e de calidade” dos 70.

Ao longo do último medio século a institución universitaria vivenciou unha serie tránsitos desde a Universidade-Élite á Universidade-Masa e, definitivamente, de cara á forma vixente da Universidade-Empresa. Os devires políticos e económicos non son algo alleo ao propio devir da institución universitaria, tampouco o é o devir das loitas sociais que se dan dentro e fora da institución académica. As transicións desde a Universidade-Élite á Universidade-Masa inicianse no estado español nos derradeiros anos do franquismo, nun contexto europeo e global onde as loitas da xuventude, dos estudantes e dos obreiros esixiron a materialización do dereito ilustrado a unha educación para todas. En contraposición coa Universidade-Élite, é dicir; unha universidade na que a clase social determina a accesibilidade aos estudos, articulada non por casualidade co fin de proveer de cadros directivos ás estruturas de gobernanza política, económica e cultural, a nova Universidade-Masa construíuse segundo os criterios compensatorios do welfare state, en resposta tamén ao crecemento dunha clase media profesional en ascenso. Porén, a Universidade-Masa e a súa promesa dunha democratización do acceso legalmente garantida polo Estado, nace xa en crise. Como resposa ás loitas sociais que percorren o mundo na década dos sesenta e os setenta, a gobernanza capitalista responde cunha reestructuración do seu sistema tecno-productivo

(globalización e deslocalización, management postfordista e “xiro lingüístico” da economía) e cunha violenta contrarrevolución neoliberal nos cinco continentes, abocada a desmantelar aquel modelo universalista do welfare state e, por extensión, destinada a desmantelar tamén a Universidade-Masa.

Hoxe, a Universidade-Élite renace baixo a forma das universidades privadas de prestixio ao tempo que a Universidade-Masa xira cara os modelos neoliberais. No momento actual, en plena Sociedade da Información e do Coñecemento, cando o paso pola universidade tende a converterse nunha condición xeral da forza/traballo, as tecnocracias neoliberais están tentando por todo-los xeitos introducir novos filtros de acceso, co fin de reducir o corpo universitario segundo os requerimentos do mercado. Os criterios clasistas reintrodúcense de novo para o alumnado (encarecendo as matrículas, reducindo as bolsas, establecendo os masters e postgraos como única vía de acceso ao traballo), á vez que o traballo precario, flexible e temporal se estende entre as investigadores, os profesoras e o conxunto da plantilla das universidades (servicio de limpeza, de reprografía, de cafetería, etc.). Cun mercado de traballo saturado e cunha expansión interna das formas de precariedade postfordista, a universidade pública dá o salto desde a fábrica de cadros á fábrica de precarias. Mais, as relacións entre saber e traballo nas que se articulan os intentos de constituir a Universidade-Empresa pasan por transformacións aínda máis profundas.

Afastada daquelas orientacións funcionais, a masificada universidade contemporánea constitúe un espazo enorme de cooperación social, coa posta a traballar da vida; no momento en que absolutamente todas as capacidades humanas son transformadas polo réxime de produción postfordista en instrumento de valorización económica, a institución universitaria aparece como dispositivo biopolítico de captura. A universidade configúrase, pois, como modo de mando desta cooperación que vai alén do que acontece dentro das aulas e os departamentos. Non se trata tan só de saberes especializados, adquisición de capacidades profesionais que son xa unha forma de traballo, senón tamén daquel concepto marxiano de general intellect; un intelecto xeral que comprende a potencialidade productiva de coñecementos comúns formais e informais, imaxinación, inclinacións estéticas, prestacións/xogos lingüísticos, etc e a tendencial centralidade do traballo virtuoso -traballo fin en si mesmo, que non deixa como conclusión un produto físico, definido-; a conversa máis frívola, a creación de mundos, de formas de vida xuvenil son tamén unha forma de produción non remunerada.

A unidade entre traballo e non-traballo, vida e produción, engadida á devaluación do título no mercado e a descaradamente pobre inclinación subxetiva do alumnado -vencellada ao derrumbamento da cultura humanista- fai do cinismo o modo de estar nos campus; un contacto permanente con equiparacións formais/ficticias que causa unha frustración existencial, stress, ansiedade... Estúdase na universidade tan só para valorizar unhas cualidades profesionais no mercado, e polo xeral acábase cunha importante composición técnica ao servizo do traballo asalariado precario.

A proposta política da asemblea de precarias en formación está inspirada nunha nova realidade de loitas a nivel global. As experiencias autoorganizativas do precariado cognitivo en éxodo téñense amosado como un excelente modo de superación da crise dun movemento estudantil atrapado no anacronismo entre un discurso e unhas formas organizativas, enredadas nunha constelación conceptual propia da modernidade, con respecto a unha universidade que non escapa ás realidades contemporaneas nas que o cambio é a única constante.

Percorramos pois o éxodo! O éxodo non é un retroceder fronte ás realidades globais contemporaneas cara o Estado-nación e o ensino “público, democrático e de calidade” welfarista. O éxodo é unha forma de desobediencia radical que vai alén de romper cunha reforma ou unha lei concreta -non a boloña, non á lou...- mediante o cuestionamento da facultade mesma de mando do poder soberano e os fundamentos da súa validez. A idea non é xestionar a universidade, senón abrir multitude de experiencias de autoorganización das formas de coñecemento e de vida aínda por descubrir. Isto significa contemplar a desobediencia en senso positivo, constituínte. Unha concepción moi afastada de estratexias de propaganda política radicaloide.

A autoformación preséntase como unha estratexia de fuga; non se trata de camiñar polos circuitos dun laberinto á procura das diferentes chegadas predefinidas, senón precisamente de negar o fundamento da encrucillada, transformando as condicións en que o conflito se desenvolve.

Aproveitar a posibilidade de recuperar os recursos públicos detentados pola Universidade en potentes proxectos autoxestionados de produción e socialización de coñecemento que desborden os espazos estudantís, construír unha esfera pública non estatal; un laboratorio colectivo definitivamente nada excluínte. Abrir espazos de

conexión alén dos ámbitos académicos certificados; con absolutamente todas as realidades fracturadas do precariado: movementos sociais, traballadoras sexuais, freaks varias, coidadoras, migrantes...

Interferencias, estimulantes canles de creatividade i expresión, non de representación.

CONTÓI

éxodo mig.pre.cog

A PEDRO CHAMANLLE o “chinas”, mais non por rasgos asiáticos que non ten, senon pola súa extrana costume de liarse el mesmo os seus cigarros, aderezados cun vexetal que fora-da-lei. Rematou a licenciatura de Socioloxía, mais non lle foron moi ben as cousas. Despois de *atrezzar* ou seu C.V con non sei cantos cursiños e congresos, facer o CAP, cansarse de opositar e deixar de lado os *masters* en recursos humanos, despois tamén dun breve curro mal pagao para Sondaxe, terminou por migrar ás Canarias a traballar na hostalería. Deica agora pode seguir fomentando a súa costume fumadora en praias máis cálidas. É o contrario do que lle pasou a Abdulaye. Comparto birras con el cando volve do seu curro. Veu de Senegal á choiviza Coruña para vender CDs piratas na Rúa Real, aínda que non era ese precisamente o seu soño.

Eu estudo Dereito. Dixérome que había que estudar para acadar un curro digno. Creo que esta é unha cantinela vella, que xa non é así. O certo é que o Centro Social por onde paro está cheo de licenciados sen traballo. Non é o caso de Patri. Estudou ou seu e non lle faltan curros. De feito, no que imos de mes xa tivo tres: comezou no *telemarketing* en Atento; despois de botala xunto a douscentos máis (din que van a deslocalizar a empresa cara Chile e Arxentina) exerceu un finde como relacións públicas de 100 Pippers, cunha roupa ben curtiña nos *pubs* máis molones do Orzán; agora a contrataron para facer enquisas. Estatística: ela fai números non se sabe moi ben con que utilidade social. A miña irmá maior tamén os fai, pero doutro tipo. Ten trinta e catro anos. É psicóloga. Como Patri, tivo curros de todo tipo, máis ningún do seu. Quere ter fillos con Jose. El traballa nas subcontratas de Zara. Vai por ETT. Tamén o curro da miña irmá, que agora é dependenta, mais se lle acaba o contrato e non sabe que facer. Teñen aforrados uns miles de euros. Pouco. Por suposto, non lles chega para mercar un piso; dabondo teñen con pagar o aluguer. A miña irmá quere ter un fillo. Din que é algo natural, ten moitísimas gañas, din que quere vivir a experiencia, que é bonito, pero que se lle pasa o arroz, que despois dous trinta e cinco é máis difícil telo, e que non quere esperar a chegar ós corenta, máis non ten cartos para “mercar” o seu neno; demasiadas facturas que pagar. Peor o teñen uns dos seus colegas. Con trinta anos, os últimos tres deles saíndo xuntos, aínda viven na casa dos seus pais.

Jose e a miña irmá estaban fai pouco na mesma situación pero decidiron arriscarse a mercar a independencia. Pillaron un piso. Pasaron semanas limpándoo e pintándoo, outras semanas máis para elixir os mobles. É difícil por bonita unha casa cando os cartos non chegan para outra cousa que para o contrachapado, plástico e aluminio do Bricoking ou do China Bazar. Ó final alugaron unha furgona e se foron a Oviedo ó Ikea, que din que é máis barato e moderno.

Pero non saben que van facer cando se lles acabe o contrato. Os aforros vanse demasiado axiña. A miña irmá teme ter que volver a vivir cos vellos. De todos xeitos sempre ten que estar pedíndolles pelas, e cando nos fan unha visita sempre se levan da neveira un par de bolsas de Gadis ata arriba.

Eu estudo dereito pero a miña verdadeira paixón é a informática. O ano que ven mudarei de carreira. Creo que ós dezaoito non sabía moi ben que escollía. Tampouco teño expectativas moi boas. A universidade non me apaisoa. Máis que aprender o único que fas e chapar. É como se fósemos *hardware* pasivo onde outro introduce datos. E por iso non me gusta, nin tampouco me gusta Microsoft. Prefiro o código aberto (aberto á imaxinación e a participación) da pedagogía e o *software* libre. No Centro Social dou obradoiros de Linux. Ensino sen cobrar. E aínda que iso non o fan os meus profesores da universidade, eu sei que isto non é excepcional. Os colegas da miña irmá van a falar con ela cada vez que teñen problemas. escoita moi ben e comparte con eles os seus coñecementos psicolóxicos. O fai de balde, como tamén eu arranxo os ordenatas dous meus de gratís. Ela e eu exercemos sen contrato e sen comisión. No Centro Social din que temos que reivindicar entre todos “a autonomía e o *poder constituinte* (do social) do noso *generall intellect*”, esa sabiduría que se constrúe abaixo no común, e que as institucións cortocircuitan a través da propiedade privada, o *copy right* e demais “falsarias individualizacións da produción”. Falan do dereito a renda básica e din que o capitalismo é unha maravillosa máquina de cortocircuitar. Os compas do Centro din que nos somos os que producimos e que o mercado non é máis que un parásito. O certo é que todos sabemos facer moitas cousas, pero iso non lles interesa ós empresarios. Prefiren que haia traballadores hiper-integrados e outros hiper-excluídos, así pode ser que os traballos estean mal pagos, e os alugueres estean caros e a miña irmá non poda “mercar” o importe de ter un/ha neno e que o Chinas ou que o Abdulaye teñan que emigrar.

No Centro Social tentaron facer unha rede de trueque alternativa. Chamanlle a isto o

ÉXODO PROSUMIDOR. Nestas redes a diferenza entre produtor e consumidor se dilúen. A idea era que a miña irmá cambiase o seu saber psicolóxico co saber facer mobles de Patri –que é unha *crack* no bricolaxe-, que eu trocará os meus coñecementos informáticos pola man de obra de Jose, que Abdulaye dese clases de danza africana a cambio de que outro lle dese clase de galego e castelán. O tentaron facer, pero non saíu para diante. Para unha rede así din que fai falla un pouco máis de xente da que había. Nos últimos anos o experimento funcionou moi ben na Arxentina, mais nesas *éxodo*-redes de trueque chegaron a participar preto de sete millóns de persoas. Algúns estudantes do Centro Social están tentando facer agora un *éxodo* distinto na universidade. ÉXODO COGNITARIO. Non lles gusta nin a metodoloxía nin os contidos da maioría das sinaturas. Falan da “autoformación dos precarios”. Acaban de crear un grupo que é unha asemblea aberta e caótica. Queren formar grupos de investigación estudantil e ofertar créditos de libre configuración alternativos, organizando xornadas e seminarios onde discútese dende a interdisciplinabilidade todo aquilo que lles preocupa. De aí o da autoformación e de aí o do *éxodo*, pois propoñen unha formación disidente e paralela á institución universitaria.

Din co *éxodo* é a nova forma de loita. Falan do ÉXODO MIG.PRE.COG. A min sóame a ciberpunk, como algunha etiqueta do Neuromante de Ginsberg ou tomado dalgún relato de Bruce Sterling. A primeira vez que o comentei, Mon, un/ha *freaky queer transgender* do Centro, dixo que lle parecía unha boa forma de pensar a cousa. Entón el/ela comezou a falar de Matrix. Recita de memoria o monólogo final da triloxía, no que Neo enfréntase ó Arquitecto da matriz: “Non sei o futuro, non vin aquí a dicirche como vai terminar, vou dicirche como vai comezar, vou colgar este teléfono e logo vou ensinar a estas persoas o que ti non queres que vexan, voulles a ensinar un mundo...sen ti. Un mundo sen regras ou controis, sen fronteiras ou límites, un mundo, onde todo é posible, onde nós partimos de aí, é unha elección que che deixo a ti.”

Enseguida todos respostaron que que merda era esa, que iso era vanguardismo, que non hai nada que ensinar á xente porque non é boba, que simplemente o que podemos é “propor a recombinación dos corpos e dos cerebros na *biopolítica* antagonista para aprender e crear dende o común do desexo”. ÉXODO MIG.PRE.COG, *biopolítica* antagonista, a tribu do centro social fala nun idioma raro, pero podo explicalo. O farei contándovos o que Mon contestou. Dixo que Matrix vivía da enerxía dos corpos da Multitude, e que Morfeo, Neo, Trinity e os demais se sustraxeron do enganche para iniciar o seu *éxodo*. Construíron así a Nova Cidade, como nos queremos

construír novas comunidades de pensamento e vida alternativa. Falou entón da “composición de clase” e da centralidade dos MIG.PRE.COG no actual Capitalismo Cognitivo Global. O Chinas, Patri, Abdulaye, a miña irmá e Jose, eu mesmo, nos somos os MIG.PRE.COG; somos os migrantes, os precarios e os cognitarios (con este palabra queren nomear ós que elaboramos produtos inmateriais: imáxenes, ideas, afectos, relacións, investigacións, etc.). Para iniciar o noso ÉXODO debemos colgar o teléfono e desengancharnos dunha matriz que nos cortocircuita. Realmente, os cortocircuitos da matriz son barreiras. Algunhas barreiras son materiais como as fronteiras que cortan o espazo xeográfico. Outras son xurídicas como aquelas que discriminan entre cidadáns legais e “sen-papeis” ilegais. Outras son subxetivas, como as que hai entre formas de vivir a sexualidade que algúns din “normais” e outras que chaman “anormais” ou “contranatura”. Outras barreiras capturan e explotan a creatividade do *generall intellect*. Mon falou de Matrix, de Microsoft e de Linux. Preguntou cal era a produción real de Microsoft, e dixo que a súa única produtividade era a de converter os produtores que na rede crean *software* de forma libre e cooperativa nos seus propios clientes, e que esta operación é posible gracias a outra barreira: a da propiedade intelectual. Falou entón a favor da piratería e unha forma de oporse o *copy right* que se chama *copy left*. O que dixo sobre Microsoft é extensible a todo o capitalismo. Así é como funciona. Combater todas estas formas de capturas, normalizacións, exclusións e discriminacións da matriz –dixo- é o que significa o ÉXODO. O cal non é senon, dito nas palabras dun compa italiano, o negarse a obedecer e negar o poder, substraerse das súas territorialidades e crear formas de vida, saberes e prácticas dende as marxes, como intentan facer agora @s estudantes precarios en autoformación. A *biopolítica* antagonista é a forma e o contido que asume o ÉXODO. Trátase dunha política da vida (*bios* política) en contraste coa política formal e institucional dos partidos.

Coñecín a Abdulaye no Centro Social. Non se acercou o lugar porque lle gustase bandeira algunha. Un día veu a vender CDs, falou coa xente, lle convidaron a un refresco e lle dixeron que alí tiña uns ordenatas con Internet onde podía conectarse de balde. Volveu varias veces cos seus compatriotas Habib e Mohammed. Fixeron novos amigos no Centro Social. Nos falan do Senegal e nos da nosa cidade. Tamén falamos do ligoteo, das festas, do curro e da policía. Lles gustou que tras a represión policial ós migrantes que venden pirata na Rúa Real fixéramos unha mani berrando “ningunha persoa é ilegal”, e un día decidiron que darían unha charla no Centro Social para informarnos mellor da realidade da migración senegalesa na cidade. Básicamente iso é a biopolítica: pensar que a política se non é vital non é nada.

CRÓNICA I

breves apuntamentos sobre a actualidade do movemento estudantil en compostela.

JOSEFA DO VAL, traballadora sexual e estudante de Ciencias Políticas na Universidade Santander Central Hispano; USCih.

O movemento estudantil, segue, desde o seu nacemento, estancado no eterno conformismo, pero non tanto un conformismo de aceptación, senón de continuo silencio, un silencio só roto no momento en que a comunidade estudantil sofre unha agresión directa, como agresión debemos entender leis universitarias, poucas cousas máis considerará como graves...

As causas para o mesmo son evidentes: 1) A temporalidade da estancia na “institución educativa”, mínimo de cinco anos cun máximo que non excederá moito desa cifra. 2) A concepción demasiado extendida da universidade non como elemento formador, senón como mero trámite cara o desexado traballo cualificado.

Esta liña de debate aberta non debe ser interpretábel coma unha renuncia ou negación do traballo político nas aulas, senon que pretende visibilizar a dificultade de artellar un movemento forte e máis aínda de introducir neste unha serie de discursos ou lóxicas de movemento de corte “antagonista”. O caso do que está a suceder na USC pode servir como contra-exemplo a todo isto, porén, deixando claro que só é un comezo e que o camiño percorrido só abrangue o primeiro mes do actual curso, aínda que as últimas semanas foron bastante intensas...

O progreso e os saltos tanto cualitativos coma cuantitativos da mobilización estudantil

nos dous últimos anos debe observarse desde un punto de vista organizativo. A experiencia do curso 2006/2007, no que a referencia política era a Coordinadora de Asembleas, que pese a ser un organismo aglutinador de colectivos abertos non deixaba de actuar como órgano directivo e de posta en común de propostas.

Sen embargo, a potestade deste órgano con decisións vinculantes e no que só tiñan voz e voto as vozeiras dos colectivos convertíana nun colectivo fechado e no que aquela xente que non dispuña e atopaba dificultades para auto-organizarse na propia facultade non tiñan a posibilidade de aportar.

Unha dinámica excesivamente clásica tanto no eido da organización como no da acción: Xuntanzas + xuntanzas + concentracións + manifestacións + o eterno *non a...*, *non a...*, e como non *NON A...!!*

Alén de máis, estas accións tiveron moi pouca repercusión naquelas facultades nas que non existían asembleas, e os discursos levados polos sindicatos, que resultaban especialmente agresivos para aquelas que non posuían unha mínima experiencia política, augurábanlle pouco futuro, e moito máis cando certos seitores descontentos e con pretensión de artellamento dunha rede movimentaria máis alá do ínclito Proceso Boloña desenvocou na convocatoria dunha asemblea xeral unhas semanas despois de comezado o curso. Con todo, é innegábel que a Coordinadora conseguiu crear certo corpo político ao redor do conflito.

O novo proceso, baixo o nome Asemblea Xeral de estudantes reuniuse por primeira vez o 30 de outubro na facultade de Maxisterio. A asistencia foi dunhas 200 persoas, este tipo de eventos, marcado por unha serie de elementos, digamos, protocolarios, redacción do regulamento da asemblea, das reivindicacións da mesma, etc... Non hai un concepto axeitado para definir a asistencia á mesma, pero esa multitude irrepresentábel da que falaba Negri non sería do todo desaxeitado, desde o comezo, a maior parte da xente, sen experiencia previa no movemento, rexeitou en bloque os discursos de sindicatos e outras organizacións políticas con intereses máis alá do reagrupamento do estudantado.

Após o protocolo, a acción, o dinamismo, a espontaneidade, a *autonomía*:

A toma das rúas comeza o **mércores 7** de novembro co anuncio dun acto público da reitoría, que se decide bloquear, pero dando salto cualitativos, innovación na convocatoria. Aparécese fronte á reitoría sen bandeiras, sen símbolos, sen cánticas pre-pactados, sen faixas, só berros, só espontaneidade, só creatividade, cacerolas, berros, e a invasión desobediente, co atropelo de varios axentes de seguridade no camiño, corte de tráfico, sprint polo centro de Compostela, FIN

Lúns 12, comeza algo, os Weather Underground chamaron á súa semana de toma de rúas como a “Semana da Raiba”, a Asemblea non lle puxo nome, reúnese o martes 13, máis acción, e debería porlle outro nome, 2 días de rúa mañá e tarde, Reclamemos as rúas, as aulas, os campus, desobedezamos e sobre todo deixemos voar a imaxinación, proxectemos creatividade:

Mércores 14: Revéntase o acto do Foro de Emprego da USC, acto destinado a aquelas estudantes que desexaran entregar o currículo e, en directo, pasar a formar parte de calquer multinacional, iso si, á carta entre máis de 50 empresas, pero aparecen os de sempre, “Estudiantes violentos radicales boicotean acto universitario” (El Correo Gallego, xoves 15 de novembro)

A Uni morre, de novo, enterrámola de novo, comitiva fúnebre, escarnio ao rector, curas baixo palio e rezo, misa, “Padre Nuestro”? non, “Universidade Nosa”, “danos el pan nuestro de cada día” non, dános a beca dun ano todos os días, que non queremos traballar, nen raiarnos pagando a matrícula, entréganos á tentación e líbranos do burro de Senén, AMÉN !! máis de 500 persoas, segundo os media, acudiron ao sepelio, ante as miradas atónitas da policía e os berros amigábeis dos cidadáns de ben.

Xoves 15: 150 aniversario do Banco Santander Central Hispano, acto solemne, con Emilio Botín, as estudantes debíamoslle algo, agradecerlle o grande servizo que nos fai, por iso houbo que levarlle un agasallo, unha tarta, en forma de excremento, o lema, “despois de tantos anos tragando merda, hoxe, que estás de cumple queríamos compartir unha pouca contigo”. 90 persoas e demencial dispositivo da policía nacional. Balance, non houbo carga, pero sí que se lle entregou a súa tarta con forma do que é, ademais de todas as publicidades de bolsas-préstamo de todas as facultades e oficinas do BSCH de Compostela, un triunfo máis para nós.

Unha vez máis burocracias e tristuras ao servizo do aburrimiento, unha vez máis

creatividade, acción e desobediencia ao servizo do movemento.

“A revolución proletaria será unha festa ou non será”

Mustapha Khayati, Internacional Situacionista